

EN VÍDEO



Antonio García, propietario da
gandería Guadarramilla

Guadarramilla renova a súa sala, fiel á tecnoloxía de GEA

Que sala tiña antes de instalar esta?

Eu digo que non tiña unha sala, senón un zulo. Estaba ben amortizada porque era da época do meu pai e xa pasara por varias reformas. Era unha sala de GEA de seis puntos a cada lado con retirada en espiña de peixe. Coa reforma, fixemos unha ampliación grande e instalamos unha sala vertical 2x10.

Por que se decidiu a cambiar de sala?

O motivo de cambiar foi o tempo que botabamos no muxido, iámonos a case tres horas. Dixemos: ou nos metemos ou nos metemos, hai que subirse ao barco e agora é o momento.

Cando a instalou?

A reforma empezámola o día 30 de agosto e a obra o 5 de setembro. Mentres que esperamos a que chegase a estrutura, estivemos coas obras da nave e demais e, cando chegou, practicamente en tres meses fíxose. Consequimos ter todo en 8 meses.

Por que optou por este modelo?

Decidinme por este modelo porque ten unha estrutura moi forte. Os animais non teñen ningún estorbo á hora de muxir, entón adaptáronse moi ben. Optei por esta marca, sobre todo, polo servizo que temos aquí nesta zona, un servizo rápido e eficaz.

Ademais, temos en previsión a utilización dos colares CowScout, pero de momento non os temos instalados. Teño ganas de comezar a traballar con esa tecnoloxía, pero creo que será dentro de dous meses, cando comece a sacarlle rendemento á sala de muxido. Estamos esperando a que os animais se adapten e a que nos acomodemos tamén nós.

Explotación: Guadarramilla

Localización: Pozoblanco
(Córdoba)

Traballadores: 4

Vacas en total: 284

Vacas en muxidura: 139

Número de muxidos: 3

Media de produción: 43
litros/vaca/día

Graxa: 3,58 %

Proteína: 3,23 %

RCS: 110.000 cél./ml

Como planificou o proceso de cambio dunha a outra?

Instalámola no mesmo sitio onde estaba a antiga e seguimos con tres muxidos. Puxemos unha sala temporal e acondicionamos unha sala de espera. Pasamos un inverno moi frío, pero tiñámonos que apañar desa maneira. Superámolo bastante ben grazas aos traballadores, que levaron todo o peso do cambio. Iso si, creo que agora o están gozando bastante máis ca min.

Tivo que facer cambios no protocolo de muxido?

Non cambiou nada. Temos máis puntos que antes e agora están dous traballadores na sala, pero a miña idea é que un estea no muxido e outro, de apoio para acercar as vacas de cada patio. A rutina de muxido segue sendo igual, non nola cambiaron, así que o debemos de estar a facer ben.

Desde o día 5 de decembro de 2015, que comezamos a facer tres muxidos, seguimos igual.

Como foi a adaptación dos animais e dos traballadores?

O primeiro día foi un pouco difícil porque aos animais lles custaba entrar. Tivemos que empuxalos e aquí xuntámonos 15 persoas, entre os técnicos da sala, por se algo fallaba, nós cinco e algún técnico da cooperativa.

Ao día seguinte pola mañá xa non estabamos tantos e os animais, parece que non, pero responderon ben; son animais que se adaptan facilmente.

O que me resultou máis inquietante foi o día que inauguramos, pois desinstaláronos a sala temporal onde estabamos muxindo ás 7 da tarde, e ás 8 empezamos coa nova. Eu botaba as mans á cabeza porque, como fallase, onde muxiamos? Por iso, fixeron probas coa auga para que todo fose ben e estiveron todos aquí no muxido por se había algún problema. Finalmente, saíu todo correctamente.

Que diferenzas notou co cambio?

En canto a tempo, levamos 15 días traballando con ela e agora mesmo estamos muxindo en dúas horas menos cuarto. O cambio xa se notou, pero temos que tentar reducir ese tempo, porque queremos chegar ás 150 vacas en hora e media.

Así mesmo, o lugar de traballo que tiñamos, como xa dixen antes, era un zulo, con luz artificial; no verán, moita calor; no inverno, frío, e agora temos unha amplitude enorme. Aínda nos queda rematar algunhas cousas, pero xa dá gusto entrar a traballar.

Os animais son uns benditos porque pasaron por todo. Hai un par de anos cambiamos os cubículos, pasaron pola sala portátil, agora por esta e fóronse adaptando perfectamente.

En canto á produción, sempre pode afectar un pouco a vacas con moito tempo de xestación, a algunhas que son máis nerviosas, pero a verdade que non houbo ningunha baixa.



Que valoración fai do cambio?

Para ben, sobre todo para os traballadores, que son os que están aquí a diario. Para eles foi un cambio tremendo. Dálles gusto traballar aquí.

Ademais, no meu peto tamén se vai notar porque pasamos de muxir en tres horas a facelo en hora e media. É moito o tempo en que non imos ter acendidos o motor nin as luces.

Por que se decidiu por GEA?

Desde que montei GEA, os cambios que fixen no muxido foron todos con eles.

Ten algún equipo máis GEA?

Temos as arrobadeiras, algún cepillo, a ventilación... É unha marca que ten todo.

De cara ao futuro, pensa en crecer máis?

A explotación está preparada para uns 150 ou 160 animais en produción. Crecer en número de animais tamén suporía facer ampliación da nave; entón, de momento, imos estabilizarnos e o tempo dirá.



De esqda. a dta., Juan Manuel Alpiste, delegado de posventa de GEA Farm Technologies no sur de España; Antonio García e José Luis Sánchez

JOSÉ LUIS SÁNCHEZ

Delegado comercial de GEA Farm Technologies para o sur de España

Por que recomendastes esta sala para Guadarramilla?

Hai un ano que Antonio nos propuxo buscar unha instalación de muxido para a súa explotación porque crecera bastante en número de animais e a sala que tiña quedábaselle pequena. Barallamos varias opcións, estivemos vendo varios tipos de instalación de muxido e, ao final, despois de varias reunións con el e co noso distribuidor na zona, José María Díaz Cobos, decidímonos por esta Magnum Vertical Lift.

Este modelo responde a unha estrutura de saída rápida frontal con elevación vertical. A particularidade que ten é que cada vaca está no seu posto de muxido e a aproximación vaca a vaca cara ao foso é individual. Entre cada posto non hai postes e isto permite que as vacas entren e saian moi facilmente.

É unha estrutura moi rápida, robusta e de fabricación americana, exclusiva e patentada por GEA Farm Technologies. Despois de amosarlle ao cliente e mostrarlle as vantaxes e os inconvenientes de todas as estruturas que tiñamos, encantoulle e pareceulle que era a máis conveniente para a súa explotación.

Con que tecnoloxías conta?

Esta instalación montouse con toda a tecnoloxía coa que conta GEA Farm Technologies, con todos os accesorios posibles, como a identificación da sala de muxido, o programa de xestión integral Dairy Plan e os CowScout para a medición da actividade, o tempo que come a vaca no presebe... Todos estes datos recóllense por medio duns *transponder*, lévanse ao programa de xestión e o cliente pode ver no seu ordenador os diferentes parámetros para xestionar ben o seu rabaño.